

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE DEFENSA

**5473** Orde DEF/426/2017, do 8 de maio, pola que se aproba o réxime do profesorado dos centros docentes militares.

O artigo 43 da Lei 39/2007, do 19 de novembro, da carreira militar, dispón que o ensino nas Forzas Armadas está integrado no sistema educativo xeral e, en consecuencia, se inspira nos principios e se orienta á consecución dos fins do dito sistema establecidos no ordenamento xurídico, coas adaptacións debidas á condición militar.

Pola súa parte, nos artigos 44 e 45 da citada lei indícase que a formación dos oficiais e suboficiais comprende a militar xeral e específica, que se completará, para os que ingresen sen titulación universitaria previa, no caso dos oficiais, coa correspondente a un título de grao universitario do sistema educativo xeral e, para os suboficiais, coa formación técnica correspondente a un título de formación profesional de grao superior, excepto no caso do corpo de músicas militares, que se completará coa formación técnica acreditada en función dos requisitos exixidos para o ingreso.

En desenvolvemento do anterior, aprobáronse os currículos do ensino de formación, desenvolvidos conforme o disposto nas directrices xerais para a elaboración dos currículos do ensino de formación para o acceso ás diferentes escalas de oficiais e suboficiais dos corpos das Forzas Armadas, respectivamente, aprobados mediante as ordes DEF/810/2015, do 4 de maio, e DEF/1626/2015, do 29 de xullo.

O modelo actual comporta a revisión de todo o sistema de ensino militar co correspondente cambio no réxime do profesorado, no dos alumnos e no das normas xerais que regulan a organización e as funcións dos centros docentes militares, competencia do ministro de Defensa de acordo cos artigos 54, 68 e 73 da Lei 39/2007, do 19 de decembro.

O artigo 73.5 da Lei 39/2007 especifica que o ministro de Defensa fixará os requisitos xerais do profesorado dos centros docentes militares, os específicos de cada área de coñecemento e as condicións do seu exercicio.

Cómpre realizar de maneira expresa o recoñecemento da función docente pois, ao ser o ensino un elemento substantivo tanto da preparación da forza coma do apoio á forza, o labor dos profesores no desempeño desa función docente considérase de suma importancia, por canto constitúe a base e o fundamento sobre o cal se asentan os principios de actuación do militar, no desempeño das funcións en beneficio da sociedade.

Esta disposición contén criterios para a elaboración dun manual de postos docentes, cuxa finalidade é expoñer as características e peculiaridades que debe reunir cada profesor en función da área de coñecemento a que se vincula a materia que debe impartir, ademais de incluír o detalle de cada un dos elementos que interveñen na determinación da competencia para o exercicio da función docente.

Así mesmo, fíxase un prazo para a obtención da aptitude pedagóxica requirida para o exercicio do profesorado, clasifícanse os diferentes tipos de profesores, xa sexan civís ou militares, nos centros docentes militares e inclúese unha nova figura, a do profesor militar destinado nos centros universitarios da Defensa.

Tamén se dan normas para a selección, permanencia e cesamento do profesorado, así como o seu réxime de dereitos, deberes e obrigacións. Así mesmo, inclúense as funcións dos profesores titores, a súa dedicación e designación.

Por outro lado, dada a diversidade de normas que ata a data regulan os distintivos de permanencia e función do profesorado, normalizouse ou unificouse o seu uso para todos os compoñentes das Forzas Armadas.

Por último, a actividade docente débese entender como o conxunto de actuacións que se realizan dentro e fóra da aula, en calquera modalidade de ensino, destinadas a

favorecer a aprendizaxe dos alumnos en relación cos obxectivos e competencias definidos no plan de estudos.

A avaliación da actividade docente do profesorado non só asegura a calidade do cadro de persoal de profesores, senón que tamén garante a calidade dos estudos que imparte o centro.

Resulta especialmente relevante para os centros docentes militares na medida en que a garantía de calidade dos seus estudos pasa por asegurar non só a cualificación do seu cadro de persoal de profesores, senón especialmente a calidade da docencia que neles se imparte. Por iso, avaliar o modo en que o profesorado planifica, desenvolve e mellora o ensino e o que os estudantes aprenden permitiralles aos centros docentes militares apoiaren individualmente o profesorado para que mellore de forma continua o seu desempeño docente e, en consecuencia, a súa contribución á mellora da calidade do ensino.

Durante a súa tramitación, o proxecto desta orde ministerial foi sometido a informe das asociacións profesionais con representación no Consello de Persoal das Forzas Armadas, conforme o artigo 40.2.b) da Lei orgánica 9/2011, do 27 de xullo, de dereitos e deberes dos membros das Forzas Armadas, e deuse coñecemento deste ao resto das asociacións profesionais inscritas no Rexistro de Asociacións Profesionais de Membros das Forzas Armadas, conforme o artigo 40.1.c) da Lei orgánica 9/2011, do 27 de xullo. Finalmente, conforme o establecido no artigo 49.1.c) da citada lei orgánica, someteuse ao informe do Consello de Persoal das Forzas Armadas.

Na súa virtude, de acordo co Consello de Estado, dispoño:

Artigo único. *Aprobación do réxime do profesorado dos centros docentes militares.*

Apróbase o réxime do profesorado dos centros docentes militares, cuxo texto se insire a continuación.

Disposición adicional primeira. *Profesorado da Academia Central da Defensa.*

Polo que concirne ao profesorado da Academia Central da Defensa, as referencias aos directores de ensino dos exércitos que se fan no réxime que aproba esta orde ministerial entenderanse feitas ao subdirector xeral de Ensino Militar da Dirección Xeral de Recrutamento e Ensino Militar do Ministerio de Defensa.

Igualmente, con respecto ao profesorado do Centro Superior de Estudos da Defensa Nacional (Ceseden) e da Escola Superior das Forzas Armadas (ESFAS), as referencias aos directores de ensino dos exércitos entenderanse feitas ao director xeral de Recrutamento e Ensino Militar (Dixerem).

Disposición adicional segunda. *Manual de postos docentes.*

No prazo dun ano desde a publicación desta orde ministerial, o subsecretario de Defensa, mediante instrución, aprobará o Manual de postos docentes. Este manual terá por finalidade expoñer as características e peculiaridades que debe reunir cada profesor en función da área de coñecemento a que se vincula a materia que debe impartir, ademais de incluír o detalle de cada un dos elementos que interveñen na determinación da competencia para o exercicio da función docente.

Disposición adicional terceira. *Prazo de adaptación.*

As situacións e circunstancias de todos os profesores dos centros docentes militares axustaranse ao disposto no réxime que se aproba no prazo dun ano desde a entrada en vigor desta orde ministerial. O mando de persoal e o mando de adestramento e doutrina do Exército de Terra, a xefatura de persoal da Armada e o mando de persoal do Exército do Aire ou, de ser o caso, o director xeral de Recrutamento e Ensino Militar arbitrarán as medidas necesarias para iso.

Disposición transitoria primeira. *Aptitude pedagóxica.*

Os profesores dos centros docentes militares que non conten co recoñecemento da aptitude pedagóxica necesaria para exercer en terán o prazo dun ano, desde a entrada en vigor desta orde ministerial, para obteren a referida aptitude.

Disposición transitoria segunda. *Distintivo de permanencia e función do profesorado.*

1. Aqueles que teñan concedido o distintivo de permanencia conforme normativas anteriores a esta orde ministerial poderán continuar usándoo.

2. Aqueles que teñan concedido o distintivo de función conforme normativas anteriores a esta orde ministerial poderán continuar usándoo.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

1. Quedan derogadas as seguintes disposicións:

a) Orde ministerial 98/1994, do 10 de outubro, sobre réxime do profesorado dos centros docentes militares.

b) Os ordinais primeiro.c), segundo e terceiro da Orde circular do 21 de maio de 1931 en que se dispón que, no sucesivo, o distintivo do profesorado dos centros de ensino militar se axuste ao modelo que se describe.

c) Orde do 5 de xaneiro de 1940 pola que se determina o lugar do uniforme onde se debe colocar o distintivo de profesorado.

d) Orde ministerial do 30 de marzo de 1941 pola que se fai extensivo á Mariña o distintivo de profesorado declarado regulamentario para o Exército.

e) Orde ministerial do 26 de decembro de 1944. Emblema e distintivo de profesorado da Armada.

f) Orde do 5 de xuño de 1952 pola que se fai extensivo ao Exército do Aire o distintivo de profesorado do Exército de Terra e da Armada.

g) Orde do 12 de novembro de 1962 (Ministerio do Aire). Insignias e distintivos. Distintivo permanente de profesorado.

h) Orde do 21 de abril de 1966 pola que se crea o distintivo de profesorado do Centro Superior de Estudos da Defensa Nacional (Ceseden).

i) Orde ministerial do 23 de decembro de 1967 pola que se crea o distintivo de profesorado da Escola de Guerra Naval.

j) Orde do 23 de xuño de 1969 pola que se modifican o artigo segundo e o anexo I da Orde do 21 de abril de 1966 que creaba o distintivo do Centro Superior de Estudos da Defensa Nacional (Ceseden).

k) Orde do 19 de febreiro de 1977 pola que se establece o distintivo de profesorado dos centros de formación de suboficiais.

l) Orde do 16 de novembro de 1977 pola que se crea o distintivo de profesorado para suboficiais.

m) Orde do 28 de xuño de 1979 pola que se modifica o distintivo de profesorado da Escola Superior do Exército.

n) Orde ministerial 3733/79, do 15 de novembro, pola que se modifica o distintivo de profesorado da Escola Superior do Aire.

o) Orde ministerial 511/01779/80, do 19 de xuño, pola que se crea o distintivo de profesorado e permanencia nel para suboficiais do Exército do Aire.

2. Así mesmo, quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto nesta orde ministerial.

Disposición derradeira primeira. *Facultades de aplicación.*

Habílitase o subsecretario de Defensa para ditar, no ámbito das súas competencias, cantas instrucións e resolucións sexan necesarias para a aplicación desta orde ministerial.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Esta orde ministerial entrará en vigor aos vinte días da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 8 de maio de 2017.– A ministra de Defensa, María Dolores de Cospedal García.

## RÉXIME DO PROFESORADO DOS CENTROS DOCENTES MILITARES

### CAPÍTULO I

#### Disposicións xerais

Artigo 1. *Ámbito de aplicación.*

Este réxime será de aplicación ao persoal militar e civil que desenvolva funcións docentes e de investigación no ensino de formación, de perfeccionamento ou de altos estudos da defensa nacional.

Artigo 2. *Consideración de profesor.*

1. Para os efectos deste réxime, será profesor quen, logo de recoñecemento da competencia e das calidades exixidas para o seu nomeamento, desenvolva funcións docentes nun centro docente militar ou centro universitario da Defensa.

2. Tamén terán consideración de profesor os que, por razón do seu cargo, exerzan a función docente mediante a acción directiva, aínda que non cumpran as condicións a que se refire o punto anterior, o director, o subdirector xefe de estudos, o secretario de estudos, os xefes do batallón de alumnos, os xefes do departamento ou sección departamental de instrución e adestramento e o xefe da plana maior de dirección, sempre que se reflecta, neste último caso, no libro de normas de réxime interior do centro e, por último, os militares que ocupen cargos directivos nos centros universitarios da Defensa.

3. Determinados postos de profesor poderán ser ocupados por persoal militar en situación de reserva.

4. Os directores dos centros docentes militares poderanlles propoñer aos directores de ensino respectivos as necesidades de profesorado civil para a mellora das ensinanzas e formación integral dos alumnos, así como o establecemento e a aplicación de convenios con universidades e institucións educativas, coa finalidade de compartir os coñecementos do seu persoal e de que exerzan a función docente no seu centro.

Artigo 3. *Incompatibilidade de ser profesor e alumno.*

1. Os profesores dos centros docentes militares non poderán exercer como tales naquelas actividades docentes de calquera índole que se impartan no seu centro docente para as cales fosen nomeados alumnos.

2. Non obstante o anterior, poderán colaborar puntualmente no desenvolvemento do módulo, materia ou disciplina, sempre que pola experiencia de destinos ou cargos anteriores se considere conveniente.

Artigo 4. *Determinación da competencia.*

1. Conforme o establecido no artigo 73.4 da Lei 39/2007, do 19 de novembro, da carreira militar, «para exercer como profesor é preciso o recoñecemento da súa competencia, baseada na titulación, preparación, experiencia profesional e aptitude pedagóxica».

2. A competencia para o desempeño das funcións de profesor nun centro docente militar virá determinada por:

a) Unha titulación do mesmo nivel, polo menos, a aquela a que vai dirixido o ensino, así como a requirida para impartir as ensinanzas correspondentes, cando sexa o caso.

- b) A preparación, debidamente contrastada, requirida para exercer a función docente e impartir o módulo, materia ou disciplina obxecto da súa docencia.
- c) A experiencia profesional adquirida que sexa de aplicación ás ensinanzas que se van impartir.
- d) A aptitude pedagóxica válida para o exercicio da función docente.

3. O subsecretario de Defensa elaborará un manual de postos docentes en que se detallarán, polo menos, as cuestións indicadas no punto anterior. Este manual, que non se referirá a aspectos orgánicos dos centros de formación e non se configurará como un instrumento de ordenación de recursos humanos, terá o seu reflexo na relación de postos militares correspondente.

#### Artigo 5. *Aptitude pedagóxica.*

1. A aptitude pedagóxica ten como obxecto fundamental a capacitación para a función docente do persoal militar.
2. Para exercer a función docente nos centros docentes militares será necesario que os profesores titulares posúan a aptitude pedagóxica.
3. Non obstante, poderán exercer a dita función docente sen ela co compromiso de obtela no prazo dun ano desde a data do seu destino ou nomeamento, circunstancia que será reflectida na publicación da vacante.
4. Os profesores procedentes de concertos ou doutro tipo de acordos con centros do sistema educativo xeral responderán, no que á aptitude pedagóxica se refire, ao que obrigatoriamente se deberá exixir sobre o dito concepto nos propios concertos ou acordos.
5. Corresponde á Academia Central da Defensa o desenvolvemento dos cursos para a obtención da aptitude pedagóxica válida para o exercicio da función docente, así como propoñer ao director xeral de Recrutamento e Ensino Militar a homologación das titulacións oficiais obtidas por outras vías.

## CAPÍTULO II

### **Clases de profesores, a súa clasificación, réxime, dedicación, selección, permanencia, cesamento e obrigacións**

#### Artigo 6. *Tipos de profesor.*

1. A función docente exercida nos centros docentes militares poderá ser levada a cabo polos seguintes tipos de profesor:
  - a) Profesor titular.
  - b) Profesor de número.
  - c) Profesor emérito.
  - d) Profesor honorífico.
  - e) Profesor visitante.
  - f) Profesor asociado.

2. Tamén poderán exercer a función docente os conferenciantes e colaboradores propostos polos directores dos centros.

#### Artigo 7. *Responsabilidade sobre a materia.*

Entenderase que o profesor exerce a docencia con plena responsabilidade cando a teña sobre o desenvolvemento do módulo, materia ou disciplina, en calquera das modalidades de ensino, así como sobre a preparación e corrección dos exames e probas correspondentes e a avaliación dos alumnos.

Artigo 8. *Profesores titulares.*

1. Os profesores titulares forman parte do cadro permanente do profesorado do centro docente militar.
2. Tamén terán a consideración de profesor titular aqueles profesores visitantes que exerzan función docente no centro docente militar.
3. Estarán adscritos a un departamento ou sección departamental.
4. Poderán ser militares ou civís:
  - a) No caso dos profesores militares, estarán destinados no centro docente militar.
  - b) No caso dos profesores civís, estarán vinculados co centro docente militar cando, en virtude da súa relación coas Forzas Armadas, de acordo coa lexislación en vigor establecida nos correspondentes contratos ou convenios, se incorporen ao centro para exercer a docencia ou investigación.
5. Polo xeral, os profesores titulares militares exercerán a titularidade das gardas e servizos que, como prácticas, realicen os alumnos no centro docente militar, sempre que as necesidades e circunstancias do servizo o permitan.
6. Para os membros das Forzas Armadas, a adxudicación ou concesión do destino de profesor titular militar será publicada no «Boletín Oficial del Ministerio de Defensa».
7. Con carácter xeral, salvo que medie unha adscrición, non se poderá designar un profesor para dar clase de módulos, materias e disciplinas alleas ás que por razón da súa natureza estean asignadas ao seu departamento ou sección departamental.

O director do centro docente militar poderá autorizar esta situación por razóns de carácter extraordinario e temporalmente ata que se produza a adscrición correspondente, e deberá publicarse na orde do centro.
8. Exercerá a docencia con plena responsabilidade.

Artigo 9. *Profesores de número.*

1. Serán profesores de número os militares destinados noutras unidades que exerzan a docencia nos centros docentes militares en réxime de compatibilidade co seu destino principal.
2. Os militares destinados no propio centro docente militar en vacantes non cualificadas como de profesorado poderán ser designados como profesores de número sempre que contén coa capacitación adecuada e teñan a competencia necesaria para iso.
3. Tamén poderá ser profesor de número o persoal civil que, en virtude da súa vinculación laboral co Ministerio de Defensa, de acordo coa lexislación en vigor e en compatibilidade co seu posto de traballo, se incorpore ao centro para exercer a docencia.
4. Estarán adscritos a un departamento ou sección departamental para impartiren unha ou varias materias ou disciplinas durante o período de tempo que dure a materia ou disciplina.
5. Como norma xeral, os profesores de número non levarán a cabo tarefas investigadoras no centro en que exerzan a docencia; non obstante, poderán realizalas logo de autorización do seu director.
6. Os profesores de número militares serán nomeados polo xefe do mando de Adestramento e Doutrina do Exército de Terra, polo xefe de persoal da Armada e polo xefe do mando de Persoal do Exército do Aire, para os centros docentes militares do seu respectivo exército, e polo director xeral de Recrutamento e Ensino Militar para o resto.

Cando o militar non estea organicamente subordinado á autoridade que efectúa o nomeamento, será precisa a autorización previa da autoridade de que dependa.

O nomeamento de profesor de número militar, que será publicado no «Boletín Oficial del Ministerio de Defensa», efectuarase mediante a fórmula expresada no anexo I.
7. Os profesores de número civís serán nomeados polo director xeral de Recrutamento e Ensino Militar, por proposta das autoridades citadas no punto anterior.

O nomeamento de profesor de número civil, que será publicado no «Boletín Oficial del Ministerio de Defensa», efectuarase mediante a fórmula reflectida no anexo I.

8. Os profesores de número exercerán a docencia con plena responsabilidade conforme o establecido no artigo 7 desta orde ministerial.

9. O período cumprido como profesor de número terase en conta para o cómputo de tempo para os efectos de concesión e uso dos distintivos de profesorado.

#### Artigo 10. *Profesores eméritos.*

1. Poderán ser profesores eméritos os militares retirados ou civís xubilados, de recoñecida experiencia no ámbito nacional ou internacional, que prestasen servizos destacados ao ensino militar durante, polo menos, seis anos.

2. Os profesores eméritos serán nomeados polo director xeral de Recrutamento e Ensino Militar, logo de informe favorable do xefe do mando de Adestramento e Doutrina do Exército de Terra, do xefe de Persoal da Armada e do xefe do mando de Persoal do Exército do Aire, para os centros docentes militares do seu respectivo exército, e por proposta dos directores de ensino respectivos e do subdirector xeral de Ensino Militar, no caso da Academia Central da Defensa e do resto de centros docentes militares.

3. Estarán adscritos a un departamento ou sección departamental para impartiren unha ou varias materias ou disciplinas durante o período de tempo que se fixe.

4. O nomeamento do profesor emérito será publicado no «Boletín Oficial del Ministerio de Defensa» mediante a fórmula reflectida no anexo I.

5. No caso de non ser de nacionalidade española requirírase, ademais, o informe previo favorable da Secretaría Xeral de Política de Defensa.

6. O nomeamento do profesor emérito poderá comportar unha relación contractual, de acordo co establecido na lexislación en vigor. O número de profesores eméritos non poderá exceder o 3 por 100 do cadro de persoal do centro docente militar.

7. Os profesores eméritos terán esta condición con carácter honorífico de forma vitalicia.

8. O nomeamento de profesor emérito poderá ser revogado polo subsecretario de Defensa cando a aparición de circunstancias sobrevidas, apreciadas no correspondente expediente instruído para o efecto, así o aconselle.

9. Os profesores eméritos, de ser o caso, exercerán a docencia con plena responsabilidade.

#### Artigo 11. *Profesores honoríficos.*

1. Son profesores honoríficos aqueles militares ou civís de recoñecido prestixio que colaboren na práctica docente ou na investigación sen percibiren remuneración pola dita colaboración.

2. Serán nomeados polo director xeral de Recrutamento e Ensino Militar (Dixerem) por proposta do xefe do mando de Adestramento e Doutrina do Exército de Terra, do xefe de Persoal da Armada e do xefe do mando de Persoal do Exército do Aire, para os centros docentes militares do seu respectivo exército, e polo subdirector xeral de Ensino Militar no caso da Academia Central da Defensa e do resto de centros docentes militares.

3. O nomeamento de profesor honorífico non comporta ningún tipo de relación contractual, laboral nin administrativa. O dito nomeamento do profesor emérito será publicado no «Boletín Oficial del Ministerio de Defensa» mediante a fórmula reflectida no anexo I.

4. Non estarán adscritos a ningún departamento nin sección departamental.

5. A consideración de profesor honorífico será vitalicia.

6. O nomeamento de profesor honorífico poderá ser revogado polo subsecretario de Defensa cando a aparición de circunstancias sobrevidas, apreciadas no correspondente expediente instruído para o efecto, así o aconselle.

#### Artigo 12. *Profesores visitantes.*

1. Serán profesores visitantes aqueles profesores dalgún centro civil ou militar, español ou estranxeiro, que se vinculen temporalmente a un centro docente militar para exercer funcións docentes ou realizaren tarefas de investigación.

2. Estarán adscritos a un departamento ou sección departamental para impartiren unha ou varias materias ou disciplinas durante o tempo en que estas se impartan.

3. Os profesores visitantes militares serán nomeados polo director de Ensino, para os centros docentes militares do seu respectivo exército, e polo subdirector xeral de Ensino Militar para o resto de centros docentes militares.

4. Dentro do marco ou concerto que para o caso se estableza, os profesores visitantes civís serán nomeados polo director xeral de Recrutamento e Ensino Militar, logo de informe favorable da Secretaría Xeral de Política de Defensa no caso de non ter a nacionalidade española.

5. O nomeamento do profesor visitante será publicado no «Boletín Oficial del Ministerio de Defensa» mediante a fórmula reflectida no anexo I.

6. Os profesores visitantes poderán exercer a docencia con plena responsabilidade.

#### Artigo 13. *Profesores asociados.*

1. Poderá ser profesor asociado adscrito a un departamento ou sección departamental, para un módulo, materia ou disciplina ou grupo delas, calquera experto de recoñecida competencia cuxa actividade profesional habitual se desenvolva fóra do ámbito docente militar e que se vincule temporalmente ao centro docente militar para complementar cos seus coñecementos especializados a docencia exercida con plena responsabilidade por outro profesor.

2. Os militares destinados no propio centro docente militar en vacantes non cualificadas como de profesorado poderán ser designados como profesores asociados, sempre que conten coa capacitación adecuada e teñan a competencia necesaria para iso.

3. Desenvolverán as súas actividades docentes en réxime de compatibilidade co seu destino ou actividade profesional.

4. Os profesores asociados poderán colaborar na preparación e corrección dos exames e probas correspondentes.

5. Os profesores asociados militares a que se refire o número 1 serán nomeados polo xefe do mando de Adestramento e Doutrina do Exército de Terra, polo xefe de Persoal da Armada e polo xefe do mando de Persoal do Exército do Aire, para os centros docentes militares do seu respectivo exército, e polo director xeral de Recrutamento e Ensino Militar para o resto. Aqueles a que se refire o número 2 serán nomeados polo director de ensino respectivo e polo subdirector de Ensino Militar no caso da Academia Central da Defensa e resto de centros docentes militares.

6. Os profesores asociados civís serán nomeados polo director xeral de Recrutamento e Ensino Militar e exercerán as súas funcións en virtude de concertos ou convenios ao abeiro do establecido na lexislación vixente.

7. O nomeamento de profesor asociado será publicado no «Boletín Oficial del Ministerio de Defensa» e efectuarase segundo a fórmula expresada no anexo I.

8. O período cumprido como profesor asociado terase en conta para o cómputo de tempo para os efectos de concesión e uso dos distintivos de profesorado.

#### Artigo 14. *Conferenciantes e colaboradores.*

1. Poderase contar con expertos relacionados coas materias ou disciplinas ou módulos formativos ou profesionais que se imparten nos plans de estudos para a incorporación ás escalas de oficiais, suboficiais ou militares de tropa ou mariñeira, sempre que a duración continuada da colaboración non supere tres xornadas docentes.

Tamén se poderá contar cos citados expertos e nas mesmas condicións descritas no parágrafo anterior no ensino de perfeccionamento e de altos estudos da defensa nacional.

2. Cando a colaboración exixa unha duración superior á indicada no punto anterior, será necesario o nomeamento previo de profesor asociado.

3. Os conferenciantes e os colaboradores serán propostos polos directores dos centros docentes militares ao director de ensino respectivo e o seu nomeamento non precisará de publicación no «Boletín Oficial del Ministerio de Defensa».



Artigo 15. *Profesores dos centros universitarios da Defensa (CUD).*

1. De conformidade cos artigos 51 e 73 da Lei 39/2007, do 19 de novembro, da carreira militar, as ensinanzas de grao universitario e posgrao serán impartidas por persoal militar e por persoal contratado que contén coa capacitación adecuada, de conformidade coa Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades.

2. Os profesores civís nos centros universitarios da Defensa (CUD) serán contratados polo mesmo centro, segundo o especificado nos seus correspondentes convenios de adscrición.

3. Aos militares destinados como profesores nos ditos centros aplicaráselles, coas adaptacións precisas á natureza do seu destino, todo o referente ao profesor titular descrito nesta orde.

4. O período cumprido como profesor militar do CUD terase en conta para o cómputo de tempo para os efectos de concesión e uso dos distintivos de profesorado.

5. No réxime interior do centro docente militar farase mención ás gardas e aos servizos de acuartelamento que deberá realizar o persoal militar destinado no centro universitario da Defensa.

Artigo 16. *Adscrición temporal de profesores a un departamento ou sección departamental.*

1. O director de ensino correspondente poderá autorizar, por proposta e logo de informe do director do centro docente militar, a adscrición temporal de profesores dun departamento ou sección departamental a outro ou outra, tendo en conta o seguinte:

a) Cando sexa entre departamentos ou seccións departamentais, a adscrición terá unha duración máxima dun curso académico, que se poderá renovar por un curso máis.

b) Cando sexa dun departamento ou sección departamental ao de instrución e adestramento ou á sección departamental, a adscrición suporá a plena integración orgánica e operativa na unidade de encadramento de alumnos de que se trate dentro do departamento ou sección departamental de instrución e adestramento, que será compatible coa pertenza ao departamento ou sección departamental de orixe para efectos de dar as materias ou disciplinas que se asignen. Terá unha duración máxima dun curso académico e poderase renovar anualmente.

c) Cando sexa do departamento ou sección departamental de instrución e adestramento a outro departamento ou sección departamental, a adscrición será compatible coa pertenza ao departamento ou sección departamental de orixe e non estará suxeita a limitación temporal.

d) Malia o anterior, cando exista afinidade entre departamentos ou seccións departamentais ou por unha maior cualificación dun determinado profesor, o director do centro docente militar poderá autorizar esta situación sen necesidade de adscrición nin estar suxeita a límite temporal.

2. No caso de que no centro docente militar estea situado un centro universitario, tamén poderá ser autorizada polo director de ensino correspondente, por proposta e logo de informe dos directores dos respectivos centros, a adscrición temporal de profesores do centro universitario a departamentos ou seccións departamentais do centro docente militar no desenvolvemento das actividades docentes daquel e viceversa.

Non obstante o anterior, cando se trate de colaboracións esporádicas bastará a autorización de ambos os directores.

3. As adscricións temporais a que se fai referencia nos puntos anteriores serán publicadas no «Boletín Oficial del Ministerio de Defensa» e efectuaranse segundo a fórmula expresada no anexo I.

## CAPÍTULO III

### Selección, permanencia e cesamento do profesorado

#### Artigo 17. *Selección do profesorado.*

A selección dos profesores militares levarase a cabo de acordo co que dispoñan as normas xerais sobre provisión de destinos, tendo sempre en conta que serán a titulación, a preparación, a experiencia profesional e a aptitude pedagóxica os factores determinantes para exercer a función docente nos centros docentes militares.

#### Artigo 18. *Permanencia do profesorado militar e civil.*

1. Os profesores militares exercerán a súa función docente nos centros docentes militares sen máis límites que os derivados do Real decreto 456/2011, do 1 de abril, polo que se aproba o Regulamento de destinos do persoal militar profesional.

Os profesores asociados desempeñarán as súas funcións polo período completo que exixa a docencia da específica materia, disciplina ou módulo que impartan. O prazo poderá ser prorrogado en cursos sucesivos sempre e cando se cumpran as mesmas circunstancias do seu primeiro nomeamento.

2. Os profesores civís que exerzan a súa función como consecuencia dos concertos ou convenios promovidos con universidades e institucións educativas permanecerán no exercicio das súas funcións conforme o que estes establezan e o que se dispón nesta orde ministerial.

Os profesores civís de número exercerán a súa función, como mínimo, polo período completo que exixa a docencia da materia, disciplina ou grupo delas que teñan encomendada. O prazo poderá ser prorrogado en cursos sucesivos, sempre e cando se cumpran as mesmas circunstancias do seu primeiro nomeamento.

#### Artigo 19. *Cesamento na función docente.*

1. Os profesores dos centros docentes militares cesarán na función docente nos seguintes casos:

a) Os profesores titulares, cando cesen no seu destino conforme o establecido no Regulamento de destinos do persoal militar profesional, aprobado polo Real decreto 456/2011, do 1 de abril.

b) Os profesores de número e asociados, por imposibilidade manifesta sobrevida en relación co seu destino principal.

c) Os profesores civís, por extinción ou resolución dos contratos ou dos concertos subscritos.

d) Tamén cesarán na función docente por falta de idoneidade ou de capacidade manifesta no desempeño desta actividade, ou por razóns de índole disciplinaria.

2. Se algún profesor tiver, por cambio ou cesamento no destino, que poñer fin á súa actividade docente antes de concluír o curso académico, poderá continuar exercendo as súas funcións no centro, en comisión de servizo, polo tempo que determine o director xeral de Persoal ou o mando ou xefe de Persoal con competencia na estrutura orgánica do novo destino.

3. O procedemento para o cesamento polas causas expresadas na letra d) anterior será o seguinte:

Os directores dos centros docentes militares remitirán ao respectivo director de ensino a proposta inicial de cesamento no destino xunto cos documentos xustificativos pertinentes, entre os cales figurará, con carácter obrigatorio, o trámite de audiencia ao interesado.

Pola súa vez, os directores de ensino estudarán a procedencia de tramitar o cesamento e, de ser o caso, trasladarán os ditos expedientes ás autoridades competentes.

## CAPÍTULO IV

**Profesores tutores**Artigo 20. *Concepto.*

1. O profesor tutor será o profesor que apoie e oriente, no seu desenvolvemento académico, persoal e profesional, o curso ou grupo de alumnos encomendado. Para o alumno será un profesor de referencia.

2. Sen prexuízo das actividades de asistencia ao alumnado que debe desempeñar todo profesor conforme o seu réxime de dedicación, en todos os centros docentes militares, independentemente da modalidade de ensino, haberá un tutor por curso ou grupo de alumnos, conforme o establecido na normativa en vigor.

Artigo 21. *Selección.*

1. Os profesores tutores serán seleccionados entre os profesores titulares do centro con experiencia docente e que impartan unha mesma materia ou disciplina a todo o alumnado do curso ou grupo respectivo.

2. Os profesores que non fosen designados tutores dun curso ou grupo poderán ser nomeados para prestar outros apoios no ámbito da titoría.

Artigo 22. *Designación.*

O subdirector xefe de estudos, co asesoramento dos directores de departamento ou sección departamental, designará os profesores tutores por un tempo non inferior a un período ou curso académico, no caso do ensino de formación, e polo tempo de duración do curso, no caso de ensino de perfeccionamento ou de altos estudos da defensa nacional.

Artigo 23. *Funcións.*

1. As funcións asignadas aos profesores tutores dependerán das características específicas de cada centro e da modalidade de ensino.

As principais funcións que deberá desempeñar o profesor tutor respecto ao curso ou grupo encomendado son as seguintes:

- a) Integración dos alumnos no centro, curso ou grupo.
- b) Participación na mellora do plan de acción tutorial do centro docente militar ou do curso.
- c) Apoio, asesoramento e orientación académica, persoal e profesional aos alumnos do seu grupo, contando coa participación do gabinete de orientación educativa en caso necesario.
- d) Seguimento do rendemento académico, independentemente da modalidade de ensino.
- e) Orientación sobre a resolución de dificultades de aprendizaxe ou persoais que poidan xurdirlle ao alumno e non precisen dunha intervención profesionalizada.
- f) Recollida das demandas, inquietudes e propostas dos alumnos relacionadas coa actividade académica e a súa posterior mediación ante quen corresponda.
- g) Colaboración co gabinete de orientación educativa do centro docente militar ou, de ser o caso, coa Escola Militar de Ciencias da Educación.
- h) Xestión administrativa relacionada coa acción tutorial.

2. Nos períodos en que o módulo, materia ou disciplina se desenvolva en unidades do Ministerio de Defensa ou en empresas e institucións, a acción tutorial exercerase no marco das directrices fixadas polo departamento ou sección departamental encargado destas actividades.

Se a acción tutorial non se pode exercer directamente, levaraa a cabo un profesor designado para tal fin, ou ben a persoa designada para o seguimento e a avaliación destas actividades na unidade do Ministerio de Defensa ou da empresa ou institución de que se trate.

3. Os profesores titores axustaranse ao especificado no plan de acción tutorial do centro docente militar ou do curso.

Artigo 24. *Dedicación, cómputo e coordinación da súa actividade.*

1. O número de horas dedicado polos profesores titores á acción tutorial computará dentro do tempo total dedicado ao cumprimento das obrigacións docentes.

2. A dirección de cada centro fixará, con base nas súas peculiaridades e modalidades de ensino, o cómputo do tempo dedicado á titoría, que quedará reflectido no plan de acción tutorial do centro docente militar ou do curso. En calquera caso, a actividade tutorial deberá ter lugar dentro do horario lectivo.

3. O subdirector xefe de estudos coordinará o traballo dos profesores titores, para o cal manterá as reunións periódicas necesarias.

## CAPÍTULO V

### Dereitos e deberes dos profesores

Artigo 25. *Dereitos.*

Ademais dos dereitos e deberes recoñecidos para os membros das Forzas Armadas, como profesores dos centros docentes militares terán os seguintes dereitos:

a) Exercer as súas funcións docentes e investigadoras empregando os métodos que consideren máis adecuados, correspondentes aos plans, estudos, programas e criterios pedagóxicos aprobados, dentro das directrices e criterios xerais marcados polo director do departamento ou sección departamental.

b) Realizar cursos de perfeccionamento e tomar parte en actividades que lles permitan actualizar os seus coñecementos específicos, perfeccionar as súas aptitudes docentes e investigadoras ou mellorar a calidade das súas investigacións, cando o permitan as necesidades do servizo e se cumpra o establecido nas normas de réxime interior.

c) Participar na xestión e nas actividades do centro docente militar a través dos departamentos ou seccións departamentais e órganos colexiados do centro, nos termos que se determinen nas normas de réxime interior, así como naquelas outras actividades que lles correspondan pola súa condición militar.

Artigo 26. *Deberes.*

1. É deber primordial dos profesores dos centros docentes militares evidenciar en todo momento unha profunda dedicación aos seus alumnos, así como a adecuación dos seus coñecementos ao desenvolvemento da ciencia e da técnica.

2. Os profesores militares dos centros docentes militares serán exemplo permanente coa finalidade de fomentar as virtudes militares e os valores reflectidos nas reais ordenanzas e, en xeral, todos os profesores fomentarán os principios e valores constitucionais, así como as regras de comportamento do militar.

3. En particular, serán deberes dos profesores:

a) Cumprir as disposicións establecidas sobre o ensino para conseguir a maior calidade e eficacia na adquisición, transmisión, comprobación e melloramento do saber, en interese dos alumnos, das Forzas Armadas e da sociedade.

b) Manter permanentemente actualizado o seu propio proceso de preparación científica e pedagóxica.

c) Exercer a docencia e levar a cabo as actividades de investigación de acordo cos plans de estudos, coa programación do centro docente militar e cos criterios que ao respecto establezan os diferentes departamentos ou seccións departamentais.

d) Participar en todas as actividades docentes ou de calquera outra índole programadas polo centro docente militar, departamento ou sección departamental.

e) Participar naquelas actividades do centro docente militar que impulsen as relacións externas de carácter educativo, cultural e deportivo con outros centros docentes e as que contribúan ao coñecemento social das Forzas Armadas.

## CAPÍTULO VI

### Obrigacións docentes

Artigo 27. *Réxime de dedicación do profesorado.*

1. De acordo coas normas xerais, a duración da xornada, que figurará no réxime interior do centro docente militar, será a que se fixe con carácter xeral para o persoal militar e civil funcionario, respectivamente, nas unidades do Ministerio de Defensa; repartirase entre actividades docentes e investigadoras, así como de titoría, de asistencia ao alumnado, de atención ás necesidades de xestión e administración e, de ser o caso, militares e operativas do centro e órganos deste, de acordo co que se estableza neste réxime, nas disposicións concordantes e no réxime interior do centro.

2. Para os profesores de número e asociados, a duración da súa xornada será a que derive das súas obrigacións docentes, investigadoras e de asistencia ao alumnado.

Artigo 28. *Obrigacións docentes e de asistencia ao alumnado.*

1. O cómputo do tempo dedicado polos profesores ao cumprimento das obrigacións docentes e de asistencia ao alumnado, incluídas as tarefas de ensino a distancia ou as apoiadas en novas tecnoloxías, poderase facer por períodos anuais ou mensuais, sempre que o permitan as necesidades do servizo. Esta cuestión terá que figurar no réxime interior do centro.

2. Na modalidade de ensino presencial, o tempo semanal, en relación co cómputo total a que fai referencia o punto anterior, será o que se expresa a continuación:

a) En circunstancias normais e como referente básico, para os profesores titulares e visitantes, entre cinco e quince horas lectivas de clase presencial, tendo en conta que para o cómputo total se tomará como orientación que unha hora de clase presencial comporta dúas horas de preparación.

Ademais, dedicaranse as horas que fixe o réxime interior do centro á orientación educativa e a actividades de asistencia ao alumnado.

b) Para os profesores de número e asociados, entre dúas e seis horas lectivas; no caso dos profesores de número, engadirase un máximo de tres horas para actividades de asistencia ao alumnado. Todo isto en función das necesidades docentes do centro, do departamento ou sección departamental en que presten os seus servizos e das derivadas da existencia da disciplina e da súa compatibilidade co destino principal.

3. O tempo especificado no punto anterior non inclúe o necesario para a preparación das clases, a elaboración, corrección e cualificación dos exercicios e probas correspondentes, nin tampouco o dedicado a cantas actividades complementarias deriven directamente do exercicio da función docente.

4. O tempo dedicado ao módulo de instrución e adestramento determinarao cada centro en función das súas características e das circunstancias e especificidades propias do módulo recollidas nas respectivas directrices xerais e plans de estudo.

5. Para estes efectos, cando por razóns de programación sexa necesario, o director xeral de Recrutamento e Ensino Militar poderá autorizar, por proposta dos directores dos centros, a modificación das obrigacións expresadas no número 2, para acomodalas ás necesidades docentes do módulo de instrución e adestramento.

6. Os profesores que exerzan a docencia con plena responsabilidade, segundo o artigo 7 desta orde ministerial, realizarán por cada curso académico unha memoria segundo o disposto no cadro do anexo II.

7. Será responsabilidade do profesor facilitar a avaliación da súa actividade docente para a obtención de mellores resultados cos seus alumnos e o perfeccionamento profesional, e achegar información suficiente sobre a planificación e desenvolvemento do ensino e os resultados obtidos.

#### Artigo 29. *Participación en órganos de selección.*

1. Os profesores titulares dos centros docentes militares de formación, de acordo coa proposta que efectúe o director do centro docente militar, poderán participar nos tribunais de cualificación ou órgano de selección designados para xulgar as probas selectivas de ingreso en tales centros e naqueles outros para os cales sexan designados, de acordo co que establezan as convocatorias correspondentes e as resolucións que as desenvolvan.

2. O disposto no punto anterior tamén se aplicará aos profesores de número e asociados, sempre que non implique cambio de localidade ou incompatibilidade co seu destino.

#### Artigo 30. *Exención das obrigacións docentes.*

1. En atención ás necesidades de investigación, os directores de ensino poderán autorizar as propostas dos directores dos centros docentes militares para a realización dun traballo de investigación e a exención total ou parcial, polo tempo máximo dun ano, das obrigacións docentes dalgún dos seus profesores titulares.

2. Unha vez finalizado o traballo de investigación, remitirase ao director de ensino respectivo, quen lle dará a oportuna difusión se procede, sen máis efectos para o interesado que o recoñecemento e a anotación na súa folla de servizos.

## CAPÍTULO VII

### **Avaliación da actividade docente do profesorado**

#### Artigo 31. *Avaliación do profesorado.*

1. Enténdese por avaliación da actividade docente a valoración sistemática, obxectiva, periódica e documentada da actuación do profesorado, considerando a súa función primordial e a súa contribución para acadar os obxectivos do plan de estudos en que estea implicado.

2. Esta avaliación será independente do informe persoal de cualificación anual.

3. Estarán sometidos ao proceso de avaliación:

- a) Profesores titulares.
- b) Profesores de número.
- c) Profesores visitantes.
- d) Profesores asociados.

4. O persoal incluído no artigo 2.2 estará exento do proceso de avaliación da actividade docente.

5. O subsecretario de Defensa aprobará o modelo de avaliación, que comprenderá, polo menos, o seguinte:

- a) Directrices xerais que guían o desenvolvemento da avaliación.
- b) Dimensións obxecto de avaliación da actividade docente, que deben incluír: planificación da docencia, desenvolvemento do ensino e resultados.
- c) Criterios de avaliación.
- d) Fases do proceso de avaliación.

- e) Tipos de informes.
- f) Enquisas e apoios para a avaliación.
- g) Criterios para a aplicación dos resultados da avaliación.

Artigo 32. *Vinculación coa avaliación do centro docente.*

O subsecretario de Defensa determinará nas guías de avaliación dos centros docentes militares o método para verificar a implementación do sistema de avaliación da actividade docente, así como para comprobar a súa eficacia e a súa contribución ás accións de mellora formuladas como resultado do proceso.

Artigo 33. *Responsabilidade do centro docente militar.*

1. É responsabilidade do director do centro docente militar favorecer o desenvolvemento do profesorado, a súa promoción persoal e profesional e o seu apoio individual para que mellore de forma continua o seu desempeño docente e, en consecuencia, a súa contribución á mellora da calidade do ensino.

2. Os centros docentes militares deberán verificar que o profesorado exerce a docencia conforme as competencias establecidas no artigo 4.

3. Corresponde a cada centro docente militar a avaliación da actividade docente dos seus profesores conforme o descrito neste réxime.

## CAPÍTULO VIII

### Distintivo do profesorado

Artigo 34. *Distintivo de permanencia do ensino nas Forzas Armadas.*

1. O distintivo de permanencia do ensino nas Forzas Armadas seguirá o modelo creado no Real decreto do 24 de marzo de 1915, reformado pola Circular do 21 de maio de 1931. O dito modelo detállase no anexo III.

2. Será o único distintivo de permanencia tanto para o ensino de formación e perfeccionamento como para o de altos estudos da defensa nacional.

Artigo 35. *Distintivo de función do ensino nas Forzas Armadas.*

Os distintivos de función do ensino nas Forzas Armadas son de dúas clases:

- a) Do ensino de formación e perfeccionamento. O modelo será o que figura no anexo III.
- b) Dos altos estudos da defensa nacional. Será o mesmo que o do ensino de formación e perfeccionamento, coa excepción de que os colgantes do lazo de seda serán de cor azul celeste rematados con flocos de fío dourado. O dito modelo detállase no anexo III.

Artigo 36. *Concesión e uso.*

O subsecretario de Defensa fixará as normas para a concesión dos distintivos do profesorado.

## ANEXO I

### Modelos de fórmulas de nomeamento e de publicación de adscrición temporal de profesores

- 1. Nomeamento de profesor de número militar.

«En virtude do establecido no artigo 9 do réxime do profesorado dos centros docentes militares, noméase profesor de número de... (nome do centro docente militar) ..., adscrito ao... (departamento/sección departamental) ..., sen prexuízo do seu actual

destino e en compatibilidade con el, o ... (emprego, nome e apelidos) ..., para a/s disciplina/s ... (nome da/s disciplina/s) ..., polo período de tempo comprendido entre o ... (data de inicio) ... e o... (data de finalización) ...»

2. Nomeamento de profesor de número civil.

«En virtude do establecido no artigo 304 do Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, texto refundido da Lei de contratos do sector público, e no artigo 9 do réxime do profesorado dos centros docentes militares, designo a don/dona.....(nome e dous apelidos), con NIF n.º ....., profesor de número para a/s disciplina/s ... (nome da/s disciplina/s) ..., durante o período comprendido entre o... (data de inicio) ...e o ... (data de finalización) ..., por un importe de ..... €, que desenvolverá en... (nome do centro docente militar) ...»

3. Nomeamento de profesor emérito.

«En virtude do establecido no artigo 10 do réxime do profesorado dos centros docentes militares, noméase profesor emérito de... (nome do centro docente militar) ..., adscrito ao ... (departamento/sección departamental) ..., o ... (emprego ou cargo, nome e apelidos) ...»

4. Nomeamento de profesor honorífico.

«En virtude do establecido no artigo 11 do réxime do profesorado dos centros docentes militares, noméase profesor honorífico de ... (nome do centro docente militar) ..., o ... (emprego ou cargo, nome e apelidos) ...»

5. Nomeamento de profesor visitante militar.

«En virtude do establecido no artigo 12 do réxime do profesorado dos centros docentes militares, noméase profesor visitante de ... (nome do centro docente militar) ..., adscrito ao ... (departamento/sección departamental) ..., sen prexuízo do seu actual destino e en compatibilidade con el, o ... (emprego, nome e apelidos) ..., para a/s disciplina/s ... (nome da/s disciplina/s) ..., polo período de tempo comprendido entre o... (data de inicio) ...e o... (data de finalización) ...»

6. Nomeamento de profesor visitante civil.

«En virtude do establecido no artigo 304 do Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, texto refundido da Lei de contratos do sector público, e no artigo 12 do réxime do profesorado dos centros docentes militares, designo a don/dona.....(nome e dous apelidos), con NIF n.º ....., profesor visitante para a/s disciplina/s ... (nome da/s disciplina/s) ..., durante o período comprendido entre o ... (data de inicio) ... e o ... (data de finalización) ..., por un importe de ..... €, que se desenvolverá en... (nome do centro docente militar) ...»

7. Nomeamento de profesor asociado militar.

«En virtude do establecido no artigo 13 do réxime do profesorado dos centros docentes militares, noméase profesor asociado de ... (nome do centro docente militar) ..., adscrito ao ... (departamento/sección departamental) ..., sen prexuízo do seu actual destino e en compatibilidade con el, o ... (emprego, nome e apelidos) ..., para a/s disciplina/s ... (nome da/s disciplina/s) ..., polo período de tempo comprendido entre o ... (data de inicio) ... e o... (data de finalización) ...»

8. Nomeamento de profesor asociado civil.

«En virtude do establecido no artigo 304 do Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, texto refundido da Lei de contratos do sector público, e no artigo 13 do réxime do profesorado dos centros docentes militares, designo a don/dona..... (nome e dous



apelidos) con NIF n.º ....., profesor asociado para a/s disciplina/s ... (nome da/s disciplina/s) ..., durante o período comprendido entre o ... (data de inicio) ... e o ... (data de finalización) ..., por un importe de.....€, que se desenvolverá en... (nome do centro docente militar) ...»

9. Publicación de adscrición temporal a un departamento ou sección departamental.

«En virtude do establecido no artigo 16 do réxime do profesorado dos centros docentes militares, autorízase a adscrición temporal do ... (emprego, nome e apelidos) ... ao ... (departamento/sección departamental) ... de...(nome do departamento/ sección departamental) ..., polo período de tempo comprendido entre o ... (data de inicio) ... e o ... (data de finalización) ...».

**ANEXO II**  
Memoria do profesor

**CENTRO DOCENTE MILITAR:**  
**PLAN ESTUDIOS:**  
**DEPARTAMENTO/SECCIÓN DEPARTAMENTAL:**  
**NOME PROFESOR:**


DISCIPLINA	CURSO	Nº ECTS	HORAS PREPARACIÓN	HORAS IMPARTICIÓN	HORAS TUTORÍA DISCIPLINA (*)	HORAS CORRECCIÓN (**)	....
TITORÍA, GRUPO OU CLASE							
INVESTIGACIÓN							
OUTRAS ACTIVIDADES							
REUNIÓN DEPARTAMENTO OU SECCIÓN DEPARTAMENTAL/ PLANIFICACIÓN CURSO							

(\*) Horas tutoría disciplina, clases de reforzo...  
(\*\*) Horas corrección e revisión de exames, traballos, confección actas...

## ANEXO III

## Distintivos de permanencia e función do profesorado

1. Distintivo de permanencia.



Sen escala (cotas en mm)


Consistirá nunha estrela branca de cinco puntas, adornada con filetes de ouro e terminando cada unha destas nunha bola do mesmo metal. No centro da dita estrela terá un círculo vermello sobre o cal levará a palabra «PROFESORADO» e dentro deste círculo e sobre fondo branco figurará unha cabeza da deusa Minerva. A estrela irá inscrita nun círculo de ramas de loureiro de cor verde.

O círculo laureado terá un raio de 14 milímetros; del sobresairán as cinco bolas terminais dos brazos da estrela cun diámetro de dous milímetros; o largo do filete de ouro será dun milímetro; o círculo vermello deberá pasar polos vértices dos ángulos obtusos da estrela e terá un largo de tres milímetros no seu anel circular (todo iso conforme o debuxo que ilustra esta disposición).

2. Distintivo de función do ensino de formación e perfeccionamento.

Consistirá nun lazo de seda das cores nacionais, de catro centímetros de diámetro, con colgante das mesmas cores e dun centímetro e medio de longo, rematados estes colgantes por flocos de fío dourado dun centímetro e medio de lonxitude. No centro do lazo un broche, das mesmas medidas que o círculo vermello do distintivo de permanencia, no cal irá esmaltada sobre fondo azul unha cabeza da deusa Minerva, dentro dun círculo de esmalte branco, coa lenda «Enseño militar». Sobre este círculo irá en metal dourado a coroa que remata o escudo de España (todo iso conforme o debuxo que ilustra esta disposición).

## BROCHE



Sen escala (cotas en mm)

3. Distintivo de función do ensino de altos estudos da defensa nacional.

Será o mesmo que o do ensino de formación e perfeccionamento coa excepción de que os colgantes do lazo de seda serán de cor azul celeste rematados con flocos de fío dourado dun centímetro e medio de lonxitude.



Sen escala